



Prezadas familias:

Antes de nada agardamos que tanto vós como os vosos seres queridos, vos atopedes ben de saúde e de ánimo. Iso é o máis importante. Queríamos agradecer tamén o labor que estades a facer nas casas cos vosos fillos, ese traballo é primordial e, sen vós, isto non sería posible. Moitas grazas.

Queríamos poñernos en contacto con todas as familias porque temos unhas datas importantes antes do remate do curso 2019-20:

- 1. Recollida de material das aulas:** aínda que moitos xa recollestes material que quedara no cole, aínda queda bastante. Se queredes pasar a recollelo, agora que as franxas horarias son máis flexibles, propoñémosvos outra quenda para vir. Falamos de libros de lectura eficaz, libros nalgúns pupitres, dicionarios, libros de lectura da biblioteca de aula que son dos rapaces... Sobre todo porque quizais algún deses libros son do fondo solidario de libros da Xunta ou do banco de libros da ANPA e teredes que devolveos todos xuntos noutra data.
Propoñémosvos para a recollida o **xoves 11 de xuño para 1º, 2º e 3º** de primaria e o **venres 12 de xuño para 4º, 5º e 6º** de primaria. Horario **de 10:00 a 13:30 e de 15:30 a 17:30**. A recollida farase entrando polo portalón do patio exterior, nas escadas principais, arriba nas arcadas, diante da porta principal. Subirase pola escada da dereita e baixarase pola da esquerda para minimizar os riscos.
Se alguén levou para a casa algún libro da biblioteca da aula ou do proxecto lector, pode devolveos este día tamén, é importante recuperalos para ter a biblioteca completa para o curso seguinte. Grazas.
- 2. Devolución libros do fondo solidario da Xunta:** Os titores hanvos enviar por salenet a listaxe cos libros do fondo solidario da Xunta que tendes que devolver. Recordade incluír todos os módulos de cada materia. As datas para devolveos serán os **xoves 18 de xuño para 3º e 4º** de primaria e o **venres 19 para 5º e 6º** de primaria. O horario será **de 10:00 a 13:30 e de 15:30 a 17:30**.
A devolución realizarase entrando polo portalón do patio exterior, nas escadas principais, arriba nas arcadas, diante da porta principal. Subirase pola escada da dereita e baixarase pola da esquerda para minimizar os riscos.
- 3. É condición indispensable para participar no fondo solidario da Xunta do curso 20/21, que estén devoltos TODOS os libros recibidos do fondo no actual curso 19/20.**
- 4.** A ANPA do colexio havos comunicar cando e onde teredes que devolver os seus libros de préstamo. Ata setembro non se poderán repartir libros dado que teñen que pasar corentena en caixas pechadas.
- 5.** Así mesmo, vos achegamos a circular para a **reserva de material complementario** que sempre entregamos nas aulas e traen os rapaces aos titores. Este ano, poderedes traela cuberta cando veñades a recoller as cousas das aulas ou a devolver os libros do fondo solidario da Xunta e darlla aos profes que estemos alí ou nunha caixa en portería ou por mail a: adsantiago@sallep.net antes do **30 de xuño** para poder facer os pedidos. Tamén teremos copias impresas eses días, para que, o que non poida imprimir poida recoller unha.

Moitas grazas e un agarimoso saúdo.